

**DIPLOMADO/A EN TRABALLO SOCIAL (QUENDA LIBRE)
CONCELLO DE VIGO – OEP 2014-2015-2016 (3ª FASE)****ANUNCIO
REALIZACIÓN DO 4º EXERCICIO
(PROBA DE INFORMÁTICA)**

Convócase ós/ás aspirantes que superaron o 3º exercicio (supostos teórico-prácticos) para a realización do 4º exercicio deste proceso selectivo, de carácter obrigatorio pero non eliminatorio, que consistirá nunha proba de coñecementos a nivel usuario de contornos operativos Windows, Linux ou semellantes, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou semellante) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc.), no tempo que establecerá o Órgano de selección antes do seu inicio.

Avaliarase esta proba de 0 a 2 puntos (Base específica V). O/a aspirante que non obteña un mínimo dun (1) punto estará obrigado/a a participar no primeiro curso que realice o Concello co fin de obter a debida capacitación (Base xeral Décima).

Os/as aspirantes utilizarán os equipos informáticos dispostos para o efecto polo Servizo de Admón. Electrónica do Concello de Vigo.

A proba terá lugar o vindeiro día **4 de novembro de 2021, xoves, ás 11:30h na AULA 7 do 5º ANDAR do Auditorio Mar de Vigo (Aulas UNED)**. O chamamento realizarase no portal de acceso ó recinto, na Avda. Beiramar nº 59. Deberán comparecer cos seus DNI e bolígrafos.

Reitéranse as medidas de protección fronte ó contaxio da COVID-19 en procesos selectivos no Concello de Vigo contidas nos Protocolos publicados na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/oposicions/plaza.jsp?id=364&lang=ga>).

Vigo, [data da sinatura electrónica]
O SECRETARIO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN
Asdo.: Gustavo Rodríguez Bartol

